

Feijóo nin negocia nin contesta

Que farán PSOE, BNG e GeC co horario lectivo do profesorado?

Sindicatos do ensino público interpelan directamente á candidata e aos candidatos á presidencia da Xunta destas tres organizacións políticas, unha vez que Feijóo demostrou unha vez máis o seu desprezo polo profesorado do ensino público galego.

Despois de meses de negativa a negociar por parte da Consellaría de Educación, dun peche sindical e de forzar mesmo unha reunión coa conselleira, de concentracións do profesorado e dunha folga cunha alta participación do persoal docente dos centros públicos de Galiza, todas as organizacións sindicais decidimos dirixirnos ao presidente da Xunta, como último responsábel de que o seu goberno non abra unha negociación para que a partir de setembro de 2020 todo o profesorado galego poida recuperar o que por xustiza e lei nos corresponde: a recuperación dos horarios lectivos previos aos recortes implantados unilateralmente polos gobernos do PP en Madrid e Galiza.

O recibimento que tivemos no edificio de San Caetano, sede do goberno galego, foi absolutamente impresentábel e antidemocrático, coa censura policial aos medios de comunicación que quixeron seguir a noticia, feito que como CIG-Ensino xa denunciámos perante a Consellaría de Educación.

Transcorridas máis de dúas semanas desde a entrega do escrito dirixido a Feijóo, as organizacións sindicais con representación nas Xuntas de Persoal e na Mesa Sectorial lamentamos a falta de resposta polo agora presidente en funcións e candidato do PP á presidencia da Xunta, o que ademais de demostrar unha absoluta falta de consideración e respecto, dá boas mostras da nula intención de recoñecer os nosos dereitos e as nosas xustas demandas.

O día 5 de abril decídese como será o futuro parlamento de Galiza e, por tanto, quen terá maioría para gobernar na Xunta. Son moitos os temas que



a CIG-Ensino entende que se lle deben trasladar a quen ocupe a Consellaría de Educación a partir das eleccións, e son coñecidos os temas que centraron as nosas campañas nos últimos anos: redución de ratios, mellora na atención á diversidade, aumento de profesorado, autorización de desdobres e reforzos, redución da burocracia, democratización da elección de direccións, recuperación do noso poder adquisitivo, etc...


A recuperación do noso horario lectivo (18-21 horas) ocupa un papel fundamental entre todas as demandas, trasladadas ao actual goberno e ao que poida saír das urnas do 5A. Non só polas repercusións que a nivel individual terá en todas e cada unha das e dos docentes galegos senón polas consecuencias colectivas que implica e que, en boa medida, gardan relación directa coa maior parte das reclamacións que mantemos como sindicato maioritario.

Por iso, a CIG-Ensino e as demais organizacións sindicais con representación no ensino público, vimos de dirixirlle unha carta persoal ás persoas que encabezarán as candidaturas en representación dos actuais grupos parlamentares na oposición para interpelalas directamente cunha pregunta clara e concisa ao respecto do noso horario lectivo:

Comprométese vostede a negociar a devolución do horario lectivo do profesorado galego para podermos recuperar os 21 períodos lectivos en infantil e primaria e os 18 na secundaria, FP e ensinanza de réxime especial, con efectividade para o curso escolar 2020/21?

O profesorado, toda vez que Feijóo tendo a posibilidade de facelo xa, decidiu calar e negar toda posibilidade de devolver o que nos arrebatou, ten o dereito a coñecer que farán os demais candidatos e candidata á presidencia do goberno do país nas eleccións do 5A, polo que agardamos unha resposta clara e explícita.

Pódese consultar a carta íntegra na páxina web do sindicato: www.cig-ensino.gal



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal